

REGULAMENTO DA COMISIÓN DE TRABALLO DE FIN DE GRAO DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

(Aprobado Comisión TFG 15/11/2012)

(Aprobado Xunta de Escola 20/12/2012)

Artigo 1.- Composición da Comisión

A Comisión estará composta por cinco Profesores con carga docente en formación básica ou obrigatoria na Titulación e será presidida por un dos seus membros, elixido pola propia Comisión na sesión constituínte. A sesión constituínte será presidida polo membro de maior categoría e antigüidade na Universidade.

Artigo 2.- Eleccións dos membros da Comisión

Os membros da Comisión serán nomeados pola Xunta de Escola a proposta da Comisión de Titulación de Grao en Enxeñaría Informática.

Artigo 3.- Ceses e novos nomeamentos

Os membros da Comisión exercerán as súas funcións durante catro anos a partir da constitución da Comisión, podendo cesar a petición propia antes de tempo.

Cando se produza un cese, ben a petición propia ou por renovación da Comisión, deberá elixirse o antes posible un sustituto por parte da Comisión de Titulación de Grao en Exeñaría Informática.

Artigo 4.- Funcións

A Comisión de Traballo Fin de Grao de Enxeñaría Informática establécese co obxectivo de supervisar e coordinar todas aquelas actividades relativas á organización, planificación e tutorización dos proxectos fin de grao da titulación, así como de garantir o normal desenvolvemento dos procesos de presentación e defensa dos mesmos.

Artigo 5.- Convocatoria

- a) O Presidente/a da Comisión deberá realizar a convocatoria cun mínimo de 48 horas de antelación.
- b) Enviará por correo electrónico os puntos da orde do día da convocatoria á secretaría de dirección, xunto coa documentación que puidera estar relacionada con eles (se non é posible por correo electrónico en papel), para que esta remita a convocatoria e documentación a todos os membros do órgano.
- c) A secretaría de dirección encargarse de archivar electrónicamente na carpeta aberta ao efecto as convocatorias da comisión, xunto coa documentación de habela.

Artigo 6.- Reunións

A Comisión constitúese validamente en primeira convocatoria coa asistencia do/a Presidente/a e da metade dos membros restantes ou en segunda convocatoria, que se celebrará 30 minutos despois, debendo asistir o 25% dos seus componentes.

Artigo 7.- Actas

- a) Unha vez celebradas as reunións o/a Presidente/a da Comisión elaborará a acta do tratado na reunión. Esta acta acompañada dos anexos, se os houbera, se remitirán por correo electrónico á secretaría de dirección.
- b) A secretaría de dirección archivará electrónicamente nunha carpeta específica todas as actas e documentación.

Artigo 8.- Procedemento de urxencia

Os temas urxentes que requiran unha resposta formal por parte da Comisión someteranse á opinión dos membros da Comisión vía correo electrónico e consideraranse aprobados no caso de existir unanimidade ao respecto. Normalmente este procedemento se aplicará a asuntos considerados de trámite ou dunha entidade que non faga procedente, a criterio do presidente, convocar unha reunión presencial da Comisión.

Os acordos tomados por este procedemento deberán ser informados na seguinte reunión presencial da Comisión, nun punto expreso adicado a este tema na orde do día.